



Música e exposicións para celebrar o día das Letras Galegas en Melide

O Concello de Melide a través da Concellería de Cultura organiza actividades de diversa índole musical e cultural dirixidas ao alumnado dos colexios da vila e aos veciños e veciñas en xeral para celebrar o día das Letras Galegas

MELIDE 13 de maio de 2019.- O Concello de Melide dende a súa Concellería de Cultura organiza diferentes actividades ao longo desta semana para celebrar o día das Letras Galegas que terá lugar o próximo venres, 17 de maio.

A programación comezará o vindeiro mércores 15 de maio co concerto “*Fiesta dos soños*” a cargo do grupo musical Os Trotaventos ás 10.30h na casa da cultura. Unha actividade dirixida ao alumnado de infantil e de primeiro e segundo de primaria, baseada na música e poesía dirixida aos “soñadores do mundo”, un concerto que bebe das músicas populares do mundo.

Será o xoves, 16 de maio cando ás 10.30h e tamén na casa da cultura de Melide, teña lugar unha actividade dirixida ao alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria, un concerto didáctico con instrumentos do mundo da percusión contemporánea, elementos de nova creación, comicidade e xogo co efecto sorpresa serán a base deste espectáculo de Odaiko.

Xaquín Vázquez, técnico de normalización lingüística do Concello de Melide, será o condutor dun programa especial de radio que se emitirá na emisora local o xoves pola mañá dende ás 11.30h e que terá como protagonista á figura homenaxeada este ano o día das Letras Galegas, Antonio Fraguas.

EXPOSICIÓNS LETRAS GALEGAS EN MELIDE

No referente ás exposicións dentro da programación do día das Letras Galegas en Melide haberá dúas. A primeira leva por nome *Antonio Fraguas 1905-1999* e poderá visitarse nos baixos da casa do concello do 16 ao 31 de maio.

A segunda das exposicións estará instalada na casa da cultura de Melide do 18 ao 25 de maio e chámase *Territorio Acoutado*, de Olga Patiño e Carlos Lorenzo.